

CTO. GALEGO DE NATACIÓN JÚNIOR E ABSOLUTO DE VERÁN XUNTA DE GALICIA

Tempada 2025/26. Circular 25-24.

1. Organización, data e sede

1. Celebrarase a nivel autonómico en tres xornadas cunha dobre sesión cada unha.
2. As datas e lugar de celebración serán as establecidas no calendario de natación.
3. As sesións de mañá comezarán ás 9:30 horas e as da tarde ás 17:30 horas. A hora de inicio poderá ser modificada en función das inscricións finais a criterio da Comisión Técnica.
4. A piscina deberá estar a disposición dos equipos participantes dúas horas antes do comezo de cada sesión e media hora despois da súa finalización, así como o día anterior ao campionato en horario de tarde e previa solicitude dos clubs interesados ao club organizador. Os nadadores teñen dereito a quentar até 15 minutos antes do comezo da sesión.

2. Programa de probas

Xornada 1: Sesión Mañá	Xornada 2: Sesión Mañá	Xornada 3: Sesión Mañá
1. 4x50 m Estilos Feminino 2. 4x50 m Estilos Masculino. 3. 50 m Libre Feminino. 4. 50 m Libre Masculino. 5. 400 m Libre Feminino. 6. 1500 m Libre Masculino. 7. 200 m Estilos Feminino. 8. 200 m Estilos Masculino. 9. 50 m Braza Feminino. 10. 50 m Braza Masculino. 11. 100 m Bolboreta Feminino 12. 100 m Bolboreta Masculino. 13. 200 m Costas Feminino. 14. 200 m Costas Masculino. 15. 4x200 m Libre Fem. Júnior 16. 4x100 m Libre Mas. Júnior	19. 4x50 m Libre Masculino 20. 4x50 m Libre Feminino. 21. 400 m Libre Masculino. 22. 800 m Libre Feminino. 23. 200 m Braza Masculino. 24. 200 m Braza Feminino. 25. 100 m Costas Masculino. 26. 100 m Costas Feminino. 27. 200 m Bolboreta Masculino. 28. 200 m Bolboreta Feminino. 29. 100 m Libre Masculino. 30. 200 m Libre Feminino. 31. 4x200 m Libre Mas. Júnior 32. 4x100 m Libre Fem. Júnior	35. 50 m Costas Masculino. 36. 50 m Costas Feminino. 37. 400 m Estilos Masculino. 38. 400 m Estilos Feminino. 39. 800 m Libre Masculino. 40. 100 m Braza Feminino. 41. 100 m Braza Masculino. 42. 100 m Libre Feminino. 43. 200 m Libre Masculino. 44. 1500 m Libre Feminino. 45. 50 m Bolboreta Masculino. 46. 50 m Bolboreta Feminino. 47. 4x100 m Estilos Mas. Júnior 48. 4x100 m Estilos Fem. Júnior
Xornada 1: Sesión Tarde	Xornada 2: Sesión Tarde	Xornada 3: Sesión Tarde
1. 4x50 m Estilos Masculino. (Última serie) 2. 4x50 m Estilos Feminino. (Última serie) Última serie da proba 5 Última serie da proba 6 Finais B e A das probas 3,4,7,8,9,10,11,12,13 e 14 17. 4x200 m Libre Fem. Absoluto 18. 4x100 m Libre Mas. Absoluto.	19. 4x50 m Libre Masculino. (Última serie) 20. 4x50 m Libre Feminino. (Última serie) Última serie da proba 21 Última serie da proba 22 Finais B e A das probas 23,24,25,26,27,28,29,30 33. 4x200 m Libre Mas. Absoluto 34. 4x100 m Libre Fem. Absoluto.	Última serie da proba 37 Última serie da proba 38 Finais B e A das probas 35,36,,40,41,43,45,46 Última serie da proba 39 Última serie da proba 44 45. 4x100 m Estilos Mas. Absoluto 46. 4x100 m Estilos Fem. Absoluto

3. Participación

1. Este regulamento está destinado ás seguintes categorías:
 - a) Absoluto masculino
 - b) Absoluto feminino
 - c) Sub20 masculino. Nacidos nos anos 2006 e 2007.
 - d) Sub20 feminino. Nacidas nos anos 2006 e 2007.
 - e) Júnior masculino. Nacidos nos anos 2008, 2009 e 2010.
 - f) Júnior feminino. Nacidas nos anos 2008, 2009 e 2010.
2. A participación está aberta a todos os nadadores das categorías sinaladas neste regulamento, e que teñan acreditada a marca mínima. Para os nadadores de categoría sénior vale a mínima da categoría Sub20 pero só para a participación. Para os nadadores con discapacidade funcional e/ou visuais haberá unha única marca mínima.
3. Non poderán participar nadadores de categoría alevín.
4. Cada nadador poderá participar nun máximo de catro probas individuais e todas as remudas.
5. Os nadadores con discapacidade funcional e/ou visuais só poderán participar nas probas indicadas no anexo I
6. Non hai limitación no número de nadadores por club e proba.
7. Cada club poderá inscribir un único equipo de remudas por proba e categoría sempre que teña acreditada a marca mínima, ben sumando os tempos de 4 nadadores en probas individuais, ou ben se realice nunha remuda con nadadores incluídos nas categorías de referencia.
8. O nadador que non se presente a unha proba para a que estea inscrito poderá participar noutras na mesma sesión cunha penalización económica.
9. Admitiranse baixas e composicións de remudas até 60 minutos antes do inicio de cada sesión.

4. Inscripcións

1. Realizaranse a través da plataforma de inscricións e remitirase á FEGAN por correo electrónico (inscripciones@fegan.org) o rexistro de inscrición que o propio programa xera. Xunto co dito rexistro, enviarase no mesmo correo electrónico o xustificante do pagamento da inscrición.
2. As inscricións para o campionato deben ser recibidas pola FEGAN 12 días antes do comezo da competición, sendo responsabilidade do club que realiza a inscrición asegurarse de que a FEGAN a recibiu. Non se admitirán inscricións unha vez que as listas definitivas sexan publicadas. Si poderán facerse modificacións antes da publicación definitiva mediante unha penalización económica.
3. Os nadadores que participen só en remudas deberán inscribirse na proba extra que se creará nas inscricións do campionato para tal efecto (normalmente 25 libre mixto).
4. Os nadadores con discapacidade inscribiranse segundo o anexo II deste regulamento.

5. Fórmula de competición

1. As eliminatorias nadaranse pola mañá.
2. As series de categoría júnior organizaranse polo sistema contra o reloxo e nadaranse separadas das series absolutas que se organizarán polo sistema «cabeza de serie». Nas probas de 400, 800, 1500 e remudas nadaranse mediante o sistema de contra o reloxo.
3. Confeccionarase unha final «A» cos X mellores tempos das eliminatorias, e unha final «B» cos X seguintes tempos. As finais B e A nadaranse nas sesións de tarde.
4. Nas probas de 400 estilos e libre, 800, 1500 libres e as remudas de 4x50 estilos e libre, as mellores series compostas polos X mellores tempos de inscrición nadaranse en sesión de tarde.
5. Os criterios de puntuación serán os seguintes:
 - a) Para puntuar na categoría júnior e absoluta será necesario referendar a marca mínima da proba.
 - b) Só se terán en conta para a puntuación un máximo de dous nadadores por club, independentemente dos que participen. Os clasificados posteriormente non serán puntuados, e concederáse o dereito a puntuar ao seguinte da clasificación que non sexa dese mesmo club.
 - c) Puntuarán os 16 primeiros clasificados en cada proba individual/remudas.
 - d) A puntuación nas probas individuais será: 19, 16, 14, 13, 12, 11, 10, 9, 8, 7, 6, 5, 4, 3, 2, 1.
 - e) A puntuación nas probas de remudas será: 38, 32, 28, 26, 24, 22, 20, 18, 16, 14, 12, 10, 8, 6, 4, 2.
6. Os récords batidos ou igualados na competición individual, independentemente do posto, terán a puntuación extra que se indica a continuación:
 - a) Mellor Marca Galega en idade júnior (16, 17, 18 anos): 3 puntos
 - b) Récord do Campionato : 4 puntos
 - c) Mellor Marca Nacional en idade júnior (16, 17, 18 anos): 6 puntos
 - d) Récord Galego: 8 puntos
 - e) Récord de España: 10 puntos

Estas puntuacións extra non se acumulan entre si na mesma proba, prevalecendo sempre a de maior puntuación.

7. No caso de que un nadador clasificado para unha final cause baixa, obterá automaticamente o último posto de dita final.

6. Clasificacións

1. Faranse as seguintes clasificacións:

Categoría Absoluta

- a) Clasificación masculina. Suma de puntos acadados nas probas masculinas.
- b) Clasificación feminina. Suma de puntos acadados nas probas femininas.
- c) Clasificación total. Suma de puntos da clasificación masculina e feminina. O club que obteña maior puntuación proclamarase Campión Galego Absoluto de Verán.

Categoría Júnior.

- Clasificación masculina. Suma de puntos acadados nas probas masculinas.
- Clasificación feminina. Suma de puntos acadados nas probas femininas.
- Clasificación total. Suma de puntos da clasificación masculina e feminina. O club que obteña maior puntuación proclamarase Campión Galego Júnior de Verán.

7. Títulos e premios

1. Entregaranse medallas aos tres primeiros clasificados de cada proba masculina e feminina en categoría absoluta.

En categoría júnior será da seguinte maneira:

- Nacidos e nadas nos anos 2008 e 2009.
- Nacidos e nadas no ano 2010.

2. Medalla para os tres primeiros clasificados nas categorías de discapacidade funcional e/ou visual segundo os criterios recollidos no regulamento do Comité Internacional de Natación Paralímpica (IPC Swimming). (Pódese descargar o regulamento na sección de circulares da FEGAN).

3. Trofeos para os clubs campións en cada unha das clasificacións sinaladas neste regulamento (Punto 6).

4. Trofeo Paula Carballido:

- Para o nadador e nadadora que realice a mellor marca do Campionato por táboa **WAQ** en probas individuais.
- Para o nadador e nadadora con discapacidade funcional e/ou visual que realice a mellor marca do Campionato por táboa compensada de puntuación.

8. Marcas Mínimas

1. Serán as sinaladas na circular de marcas mínimas desta tempada para as categorías referidas a este campionato.

2. Teranse en conta as marcas obtidas entre o **1 de xaneiro de 2024 e o 13/21 de xuño 2026**

9. Anexo I

As probas e categorías nas que poden participar nadadores con discapacidade funcional e/ou visual son:

50L	100L	200L	50E	100E	50B	100B	50M	100M	200S
S1-S13	S1-S13	S2-S13	S1-S13	S1-S13	S2-S9 S11-S13	S2-S9 S11-S13	S3-S13	S5-S13	S3-S13

10. Anexo II

1. A inscrición dos nadadores con discapacidade deberá enviarse acompañada da FICHA DE VALORACIÓN FUNCIONAL na que se determine a clase na que se clasifican para cada estilo. Se non dispón do impreso expedido polo FEDDF, deberá obtelo no seguinte centro:

FIMEGA (Dr. Carlos Alonso Hernández)

Avda Eduardo Pondal, 68 baixo (a 200 m da Estación de Autobuses e Tren)

Pontevedra

Teléfono: 986868544

É necesario solicitar cita, especificando que é para unha valoración funcional para a Federación Galega de Natación.

O custo da avaliación correrá a cargo do deportista.

Para facilitar a avaliación, aconséllase levar os informes de lesións, se están dispoñibles.

2. As marcas de inscrición deberán terse obtidas en competicións oficiais, ben no calendario FEDDF ou FEGAN.

3. Tanto no Campionato Galego como nas demais competicións da FEGAN nas que participen, serán aplicadas polos Xuíces e Árbitros da competición as recomendacións contempladas no Manual de Árbitros de Natación (CNA) no apartado No 18 Nadadores con Discapacidade.

4. No momento de tramitar a licenza de deportista, hai que sinalar que se trata dun nadador con discapacidade.

A Coruña, xullo 2025.